



PREGUNTAS FRECUENTES

DeseñaPeme (IN848E) e InnovaPeme IN848D - convocatoria 2024)

1. **Que pasa si non presento no momento da solicitude algunha das memorias requiridas?. As podería aportar máis tarde?.**

A falla de presentación das memorias (anexos V, VI e VII) dentro do período de admisión de solicitudes, ou a súa presentación sen respectar as especificacións indicadas nos anexos correspondentes, non se considera emendable e **acordarase de oficio a inadmisión da solicitude.**

2. **No caso de que a entidade solicitante teña vinculacións ou asociacións con outras empresas, que documentación complementaria hai que presentar xunto coa solicitude?**

Para cada empresa asociada ou vinculada coa entidade solicitante, ademais de cubrir o anexo V e cada unha das fichas necesaria, deberase presentar para cada unha delas o especificado nas letras c), e) e f) do artigo 13.1:

- a) *Nota simple ou certificación do Rexistro Mercantil actualizadas, en que se especifique a data de constitución, administrador/es da sociedade (nome e apelidos ou razón social), o obxecto social, capital, sede social e clasificación CNAE. No caso de que estes documentos non estean actualizados ou non se dispoña destes, poderase substituír o dito certificado pola presentación das escrituras de constitución da empresa e as súas modificacións posteriores debidamente rexistradas.*
- b) *Declaración completa do imposto de sociedades do último exercicio pechado, modelo 200 da Axencia Tributaria Estatal. No caso de non ter antigüidade suficiente para ter obriga de presentar o modelo 200, achegarase declaración responsable conforme non se ten pechado exercicio fiscal e obriga de presentar o imposto de sociedades.*

No caso de non ter traballadores dados de alta no réxime xeral da seguridade social, achegarase documento acreditativo emitido pola Seguridade Social e declaración responsable do representante legal da entidade de non ter traballadores.



3. **Como cubro os datos das entidades vinculadas ou asociadas cando hai máis de unha?**

Nese caso cubriríase na SEDE os datos da primeira entidade vinculada ou asociada; para as segunda e sucesivas, deberá descargarse o anexo correspondente dispoñible na SEDE e anexalo xunto coa solicitude.

4. **Poderase solicitar anticipo?**

Sí. Poderán realizarse pagamentos anticipados de ata o 70% da subvención total concedida.

Para a anualidade 2024 poderase solicitar ata o 100% da subvención concedida.

A solicitude de pagamento anticipado deberá cursarse nos seguintes prazos:

- 1ª anualidade: desde a data de concesión e ata o 30 de setembro de 2024

- 2ª anualidade: desde a fin do prazo da primeira anualidade e ata o 30 de abril de 2025

5. **Para os custes de máis de 15.000 euros, é necesario solicitar 3 ofertas?**

Sí, a persoa beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á súa contratación, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os subministren, o que deberá xustificarse expresamente; As ofertas deberán presentarse, en todo caso, no momento de xustificación da axuda concedida.

6. **Que tipo de empresas se poden subcontratar (sociedades, autónomos...)?**

Pódense subcontratar con organismos de investigación ou outras entidades (sociedades mercantiles, autónomos...) a execución dunha parte das actividades incluídas no Plan de Innovación.

Deberá estar debidamente xustificada e motivada na memoria técnica da solicitude da axuda, que en caso de resolución favorable do plan de innovación entenderase por autorizada.

Hai un importe máximo/límite por empresa subcontratada? A suma de todas as subcontratacións non pode exceder do 50% dos custos directos elixibles do plan.

Podo subcontratar a unha empresa vinculada? Non, non se pode subcontratar con



persoas o entidades vinculadas ou asociadas ou do mesmo grupo empresarial da persoa beneficiaria.

7. **Son financiáveis os complementos salariais dos custos do persoal imputado ao plan?**

Non. Consideraranse custos de persoal subvencionables os custos de **salario base do persoal e a parte proporcional do custo da seguridade social a cargo da empresa.**

8. **Que pasa si na solicitude indico que vou contratar a unha muller ou unha persoa con diversidade funcional (polos que obterei 2 puntos na avaliación) e finalmente contrato outro perfil (1 punto na avaliación)?**

Deberase xustificarse o cambio e solicitar a autorización da Axencia Galega de Innovación. Se a puntuación non foi determinante para a adquisición da condición de beneficiario, poderase autorizar, considerándose en todo caso como un incumprimento parcial e aplicando unha minoración de ata un 5% da subvención concedida.